

Resolución Reitoral pola que se convocan Bolsas de formación complementaria na Cátedra R en Ciberseguridade no curso 2025/2026

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ningún quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, xunto coa Universidade da Coruña, ten asinado o 28 de outubro de 2025 un convenio de colaboración con R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.U. para a creación da Cátedra R en Ciberseguridade. No devandito convenio está prevista a convocatoria de bolsas de formación complementaria para a realización de prácticas académicas externas ou traballos de fin de estudos en proxectos de innovación TIC.

A presente convocatoria non está prevista no plan de subvencións da Universidade de Vigo para o ano 2026 por incorporarse o crédito previsto no convenio con carácter posterior á súa aprobación.

Unha vez vista a *Lei 9/2007, de 13 de junio, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de formación complementaria na Cátedra R en Ciberseguridade para a realización de prácticas académicas externas ou traballos de fin de estudos, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no portal de bolsas da Universidade de Vigo <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudiantes/bolsas>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor



ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
NA CÁTEDRA R EN CIBERSEGURIDADE NO CURSO 2025/2026****1. OBXECTO**

O obxecto desta convocatoria é fomentar unha mellor formación práctica do estudiantado universitario a través da colaboración en retos formulados desde o mundo empresarial, ben coa realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares, ben coa realización do traballo fin de grao (TFG) ou fin de máster (TFM).

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou extracomunitaria acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non é suficiente o permiso de estadia por estudos).
- b) Estar matriculado no curso 2025/2026 nalguna das seguintes titulacións:
 - a. Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións
 - b. Máster universitario en Enxeñaría de Telecomunicación
 - c. Máster universitario en Ciberseguridade
- c) No caso dos estudos de grao, deberá ter superados o **50% dos créditos** ata o curso 2024/2025.
- d) No caso de realización do traballo fin de estudos deberá estar matriculado no TFG/TFM no prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período.

4. PLAN FORMATIVO**1. PRÁCTICAS ACADÉMICAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES:**

- a) As prácticas ofertadas deben ter un carácter formativo e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario e na normativa interna da Universidade de Vigo.
- b) O estudiantado beneficiario estará baixo a tutoría das persoas da Universidade e da empresa que se designen no momento de formalización da práctica, que se responsabilizan da



formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento da axuda.

2. TRABALLO FIN DE GRAO/MÁSTER:

- a) Obxectivos: O/a estudante participará en proxectos de innovación tecnolóxica en colaboración coa empresa R, orientados ao desenvolvemento de solucións avanzadas en ciberseguridade, análise de datos, enxeñaría telemática e deseño de plataformas software. Os traballos abranguen a automatización da xestión de identidades e accesos en Google Cloud Platform, o deseño de protocolos contextuais para resposta intelixente a incidentes en sistemas SOAR, a creación de sistemas de análise e clustering de interaccións comerciais mediante técnicas de IA, o desenvolvemento dunha plataforma de gamificación para retos de programación, e a implementación de sistemas automatizados de Threat Intelligence e perfís dinámicos de risco corporativo.
- b) Competencias a adquirir:
- Capacidade para analizar problemas técnicos complexos e propoñer solucións innovadoras orientadas á seguridade, eficiencia e escalabilidade.
 - Traballo en equipo en contornos multidisciplinares e colaboración con equipos técnicos da compañía.
 - Xestión completa dun proxecto tecnolóxico: análise, deseño, implementación, validación e documentación.
 - Comunicación clara e eficaz de resultados técnicos a distintos perfís profesionais.

5. DURACIÓN E PERÍODO DE DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

1. O período formativo terá unha duración de 4 meses, e poderán desenvolverse dende o día seguinte á publicación da adxudicación ata o 31 de xullo de 2026 coas condicións descritas no documento de formalización da práctica académica ou do traballo fin de estudos. No caso de estudantado que finalice estudos no curso 2025/2026, deberá rematar as prácticas antes da presentación da solicitude de título.

2. O número de horas de colaboración será de 15 horas semanais.

3. A actividade desenvolverase no centro de estudos baixo a supervisión da empresa R-MasOrange.

4. O desfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación*.

5. As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo e a bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da universidade.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo a aplicación orzamentaria 2026 0000 121D 482.11, cun importe orzamentario máximo de 7.366,05 € (7.200 € pola dotación bruta e 166,05 € en concepto de cota patronal) para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.



2. A contía individual será de 600 €/mes, a cal estará suxeita ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nesta materia. No caso de prácticas extracurriculares estará así mesmo suxeita á retención de IRPF que corresponda.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante transferencia á conta bancaria en España que sinale o/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional de bolsa correspondente ao período realizado sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá ningunha axuda.

Se a actividade desenvolta pola persoa bolseira en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora na universidade deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificalo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN POR PARTE DO ESTUDANTADO

1. A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> / **Bolsa de formación Cátedra R**

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (*art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **4 de febreiro ás 23:59** horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación:

- O estudantado que non teña nacionalidade española:
 - documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea ou
 - tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadía por estudos) de cidadán/á extracomunitario.
- Portfolio de traballos académicos realizados e aliñados coas temáticas propostas.
- Acreditación dos cursos de inglés.
- Anexo II indicando se realizará prácticas ou o traballo fin de estudos.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.



2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de selección de acordo coa seguinte puntuación,

a) Nota media do expediente: máximo 40 puntos

- No caso de estudos de grao e continuación de estudos de máster de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo o Real decreto 1125/2003, 5 de setembro
- Nota de acceso para o estudantado que inicia estudos de máster universitario

b) Cursos acreditativos de inglés: (só se terá en conta o de nivel superior), acreditado mediante [certificados recoñecidos por ACLES](#)

- Nivel C2: 10 puntos
- Nivel C1: 7,5 puntos
- Nivel B2: 5 puntos

c) Portfolio de traballos académicos realizados e aliñados coas temáticas propostas: máximo 20 puntos

d) Entrevista que versará sobre os seguintes aspectos: máximo 30 puntos

- Comunicación oral en inglés.
- Motivación, iniciativa e capacidade de integración nun equipo técnico.
- Coñecementos básicos relacionados coas temáticas da bolsa.

En todo caso terá prioridade o estudantado matriculado en estudos de máster universitario.

A Sección de Axudas e Bolsas consultará os méritos referidos ao expediente académico da propia universidade. Dos restantes méritos só se terán en conta os que se acrediten con documentación xunto coa solicitude ou no prazo de emenda.

A comisión de selección está composta por:

Presidenta: Ana Fernández Vilas, Catedrática do Departamento de Enxeñaría Telemática

Vogais: Alfredo Ramos González, director de R

Manuel Fernández Veiga, Catedrático do Departamento de Enxeñaría Telemática

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/alguna dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee mediante resolución reitoral. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará **a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e a súa puntuación, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda coa puntuación** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na



secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a contía máxima, persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

7. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

8. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1. As persoas con bolsa concedida deberán aceptar a bolsa no prazo de cinco días desde a publicación de adxudicación utilizando o formulario existente na secretaría virtual para tal efecto.

A non aceptación entenderase como renuncia á bolsa previa resolución coa conseguinte perda de dereito de cobro e a concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

2. A persoa bolseira presentarse o día e hora que se indique na resolución de adxudicación.

3. A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na Secretaría Virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

a) Contemplan, no caso de desenvolvemento da práctica, ás obrigas recollidas en relación aos estudantes en prácticas no *Real decreto 592/2014, de 11 de xullo*, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como as que se establecen neste mesmo sentido no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.

b) Cumprir o contidos do plan formativo seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade participante, baixo a supervisión da persoa da universidade que exerza como titora académica. Así mesmo deberán manter contacto coa titora académica e comunicarlle calquera incidencia que exista durante o desenvolvemento da práctica.



c) Incorporarse na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto educativo e respectando as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.

d) Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa ([enlace memoria](#)). Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

e) Comunicar á Sección de Axudas e Bolsas a obtención de axudas da mesma natureza e finalidade.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. COORDINACIÓN DO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir á emprego@uvigo.gal as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

13. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)



Bolsas de formación complementaria na Cátedra R en Ciberseguridade no curso 2025/2026**ANEXO II**

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A BOLSA

Apelidos e nome:

DNI:

- ☐ Realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares.
- ☐ Realización do traballo fin de estudos (TFG/TFM).

En _____, a _____ de _____ de 2026

Sinatura

